

**PROGRAMA DE AXUDAS INTRAMURAIS DE RECURSOS HUMANOS DO INSTITUTO DE
INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO (IDIS).**

CONVOCATORIA 2025

Contido

1. OBXECTO	2
2. BENEFICIARIOS	2
3. REQUISITOS COMÚNS DOS ASPIRANTES	2
4. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DAS AXUDAS PREDOUTORAIS	3
5. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DAS AXUDAS POSDOUTORAIS.....	7
6. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DA AXUDA DIRIXIDA A PERSOAL TÉCNICO.....	11
7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	14
8. ADMISIÓN DOS ASPIRANTES	14
9. ÓRGANOS DE SELECCIÓN	14
10. SUPERACIÓN DO PROCESO SELECTIVO	15
11. INCORPORACIÓN, DURACIÓN, PERIODO DE PROBA E IMPORTE DO CONTRATO	16
12. SEGUIMENTO DO CONTRATO: MEMORIAS ANUAIS E FINAL	16
13. RENOVACIÓN, RENUNCIAS E REVOGACIÓN: CONDICIÓNS	17
14. DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO	18
15. DEREITOS DE PROPIEDAD INTELLECTUAL E INDUSTRIAL	18
16. INCUMPRIMENTOS.....	19

1. OBXECTO

O IDIS convoca 10 axudas coas características que se indican a continuación:

- Seis (6) axudas de tres anos de duración para a contratación de persoal para a realización da tese de doutoramento en grupos pertencentes ao IDIS, das que tres (3) axudas adxudicaránse a grupos emerxentes e asociados clínicos e tres (3) a grupos consolidados. O obxecto destas axudas é a formación de investigadores no ámbito da Biomedicina e Ciencias da Saúde, mediante a concesión, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência competitiva, de axudas predoutorais para a realización de teses de doutoramento.
- Tres (3) axudas de tres anos de duración para a contratación de doutores recentes no marco dos grupos de investigación do Instituto. Estas axudas financiarán o 100% da contratación cando se concedan a grupos emerxentes ou asociados clínicos, mentres que no caso de grupos consolidados financiarase o 80% da contratación, quedando o 20% restante a cargo do grupo de investigación beneficiario. O obxecto destas axudas é a formación de investigadores no ámbito da Biomedicina e Ciencias da Saúde, mediante a concesión, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência competitiva, de axudas posdoutorais para a realización de proxectos de investigación supervisada no marco dos Grupos de Investigación pertencentes ao IDIS.
- Unha (1) axuda de tres anos de duración para a contratación dun técnico de plataforma. O obxecto desta axuda consiste en fortalecer os servizos e impulsar a actividade das plataformas de apoio común do IDIS (<https://www.idisantiago.es/plataformas-de-apoyo-comun/>) mediante a contratación de persoal técnico en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência competitiva.

2. BENEFICIARIOS

As axudas predoutorais están dirixidas a titulados/as universitarios/as que desexen desenvolver a súa tese de doutoramento no eido da Biomedicina e as Ciencias da Saúde, mediante a súa integración en Grupos de Investigación pertencentes ao IDIS.

As axudas posdoutorais están dirixidas a persoas recentemente doutoradas que desexen ampliar a súa formación no eido da Biomedicina e as Ciencias da Saúde, mediante a súa integración en Grupos de Investigación pertencentes ao IDIS.

A axuda para a contratación de persoal técnico está dirixida a persoas que desexen incorporarse a unha plataforma do IDIS.

3. REQUISITOS COMÚNS DOS ASPIRANTES

Para seren admitidos ao proceso selectivo, os aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e manter ata o momento da formalización do contrato de traballo, os seguintes requisitos de participación:

3.1. Atoparse nalgunha das seguintes circunstancias:

- a) Ter nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou, se é o caso, dalgún outro país ao cal, en virtude de tratados internacionais celebrados coa Unión e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras nos termos nos que esta se atopa definida no Tratado da Unión Europea.

b) As persoas non comunitarias poderán ser candidatas á axuda aínda que para formalizar o contrato deberán contar cos permisos necesarios de permanencia no país.

3.2. Capacidade legal: ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos traballadores.

3.3. Compatibilidade funcional: non estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

4. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DAS AXUDAS PREDOUTORAIS

4.1. Titulación e especialidade: Estar matriculado/a no primeiro ano dun programa de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela ou en disposición de matricularse no seguinte período de matrícula, o que deberá acreditarse mediante certificación da universidade ou, no seu defecto, cun documento de compromiso de matrícula no seguinte período aberto para ese fin. Neste caso a obtención da axuda estará condicionada á matriculación no programa de doutoramento na vindeira convocatoria de matrícula aberta, no primeiro trimestre do ano 2025. Este documento é requisito para a formalización do contrato.

4.1.1. A data de finalización dos estudos para a obtención do título universitario de licenciado/a, graduado/a ou equivalente que dean acceso aos estudos de máster universitario debe ser posterior ao 1 de xaneiro de 2021.

4.1.2. Excepcionalmente, admitiranse finalizacións dos estudos sinalados no apartado precedente posteriores ao 1 de xaneiro de 2019 nos seguintes casos:

- a) Os/as licenciados/as ou graduados/as en medicina, farmacia, bioloxía, química, física, enfermería ou psicoloxía que, na data de peche do prazo de presentación de solicitudes, estean en posesión do título oficial de Formación Sanitaria Especializada (MIR, FIR, BIR, EIR, QIR, PIR, RFIR,...).
- b) Persoal beneficiario dunha axuda do programa *Río Hortega* da *Acción Estratégica en Salud* do *Instituto de Salud Carlos III*.
- c) Os/as titulados/as que acrediten fidedignamente algunha das seguintes circunstancias concorrentes entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 1 de xaneiro de 2021: baixa maternal ou paternal ou que tiveran a cargo menores de 3 anos, baixo a súa dependencia directa e legal e vivindo ás súas expensas cónxuxe, fillos ou ascendentes de 1º grao de consanguinidade ou afinidade, ou suxeitos a un réxime de tutela ou acollemento acordado por sentenza xudicial firme, persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, recoñecidos como tales e cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

4.2. Non poderán concorrer á presente actuación quen se atope nalgunha das seguintes situacións:

- a) Estar en posesión do título de doutor, por calquera universidade española ou estranxeira.
- b) Ter desfrutado, na data de finalización de recepción de solicitudes, dun contrato predoutoral por tempo superior a doce meses.

No caso de que a persoa candidata seleccionada, no momento de formalizar o contrato, houbera disfrutado previamente dalgún contrato baixo a modalidade de contrato predoutoral durante un período igual ou inferior a doce meses, a duración total do contrato que se formalice deberá ser tal que sumados os períodos de disfrute anteriores baixo tal modalidade resulte un período conxunto non superior catro anos, salvo no caso das persoas con discapacidade nas que o tempo de contratación non poderá ser superior a seis anos.

4.3. Solicitudes:

4.3.1. Os/As candidatos/as que desexen participar neste proceso selectivo deberán cubrir os modelos que figuran como anexos a esta convocatoria correspondentes á modalidade predoutoral.

4.3.2. As candidaturas serán presentadas polo Grupo de Investigación do IDIS no que se vaia integrar o/a candidato/a, cos seguintes requirimentos:

- a) A proposta deberá ser realizada polo/a director/a de tese do candidato/a, membro dun Grupo de Investigación do IDIS.
- b) Non se poderá presentar máis dunha candidatura por Grupo de Investigación nesta convocatoria.
- c) O IDIS deberá figurar na filiación das publicacións do ano 2024 (considerando exclusivamente orixinais, revisións ou editoriais) do Grupo de Investigación nunha porcentaxe maior ou igual ao 70%. Os grupos de investigación que non cumpran este requisito non poderán presentar candidaturas nesta convocatoria.
- d) Non poderán presentar candidaturas aqueles/as directores/as ou supervisor/es, membros dun Grupo do IDIS, que presentaran unha candidatura que fora beneficiaria da Convocatoria de Axudas Predoutorais e Posdoutorais do IDIS no ano 2023 ou 2024. Só aqueles directores/as ou supervisores/as beneficiarios/as das axudas 2023 ou 2024 que renunciaran á dita axuda antes de comezar o contrato poderían presentar candidatura nesta convocatoria.
- e) Só se valorará un/ha director/a de tese ou supervisor/a por candidatura.

4.4. As solicitudes dos/as candidatos/as deberán estar formalizadas nos modelos que a continuación se describen:

- a) Anexo2. Formulario de Solicitud.
- b) Anexo3. Curriculum Vitae Candidato/a Predoc.
- c) Anexo4. Curriculum Vitae Director/a Tese.

4.5. A presentación das solicitudes predoutorais realizarase en formato electrónico, acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia do documento acreditativo de identidade do/a candidato/a.
- b) Copia do documento que acredite a matriculación no programa de doutoramento, ou declaración do candidato na que se comprometa á matriculación nun programa de doutoramento na vindeira convocatoria.

c) Copia do título académico universitario. No caso de titulacións non emitidas polo Sistema Educativo Español, o/a candidato/a debe acreditar documentalmente mediante a aportación de Títulos Académicos ou Certificados de estudos que está capacitado para desenvolver o seu posto de traballo ofertado en territorio español. Se o/a candidato/a fose dun país membro da UE, a acreditación da súa capacitación farase mediante aportación documental. Se o/a candidato/a fose dun país non membro da UE, dependerá do que dispoña a normativa española sobre estranxeiría en canto á legalización e apostila da documentación aportada.

d) Copia da certificación académica detallada do título de licenciado, grao ou equivalente que lle deu acceso aos estudos de máster, na que aparezan todas as cualificacións académicas obtidas polo/a solicitante, así como a cualificación media en base 10, e a data na que o/a candidato/a rematou os seus estudos. Se fose o caso, acreditación dos supostos contemplados no apartado 4.1.2 ou c).

e) Declaración asinada polo/a candidato/a na que manifieste o cumprimento do punto 4.2.

4.6. A documentación presentarase a través de un formulario electrónico habilitado ao efecto na páxina web do IDIS. As consultas relacionadas coa presente convocatoria poden dirixirse por correo electrónico ao enderezo: axudas@idisantiago.es.

4.7. Os méritos indicados na solicitude que non sexan xustificados documentalmente en formato electrónico no momento da solicitude ou na fase de subsanación, non serán tomados en consideración.

4.8. Desenvolvemento do proceso selectivo. O proceso de avaliación realizarase en tres fases:

4.8.1. Primeira fase, valoración por parte da Coordinación Científico-Técnica do IDIS do apartado 1 (4.8.4.1) da presente convocatoria.

4.8.2. Segunda fase, valoración por parte de avaliadores externos dos proxectos de investigación. Serán avaliadas exclusivamente aquelas candidaturas que reciban 35 puntos ou máis na primeira fase.

4.8.3. Terceira fase, valoración por parte do Comité de Avaliación do apartado 2 (4.8.4.2) da proposta. O Comité de Avaliación referendará as avaliacións das dúas fases anteriores e propoñerá unha listaxe provisional de beneficiarios e reservas.

4.8.4. As solicitudes admitidas serán valoradas con base aos dous apartados seguintes:

4.8.4.1. **APARTADO 1 (ATA UN MÁXIMO DE 60 PUNTOS).** Valoraranse os méritos, presentados conforme ó seguinte baremo (Anexo 1):

a) CV DO CANDIDATO/A, máximo de 30 puntos distribuídos da seguinte maneira:

- EXPEDIENTE ACADÉMICO: (ata un máximo de 21 puntos) distribuídos da seguinte maneira: [<5,5: 0 ptos][≥5,5 - 6,5: 7 ptos][>6,5 - 7,5: 14 ptos][>7,5 - 8,5: 17 ptos][>8,5 - 9,5: 19 ptos][>9,5 - 10: 21 ptos].

- Obtención de Premio Extraordinario Fin de Carreira da súa universidade: 2,5 puntos.

- Publicacións indexadas no JCR 2024 nas que figure como autor: ata un máximo de 2,5 puntos.

- Coñecemento de lingua estranxeira acreditado, de acordo co Marco común europeo de referencia para as linguas (non considerándose lingua estranxeira a do país de orixe ou de nacionalidade): ata un máximo de 1,5 puntos.

- Contribución a congresos nacionais e internacionais: ata un máximo de 1,5 puntos. No caso de póster, terá que figurar como primeiro/a autor/a do mesmo e terá que ter asistido ao congreso. No caso de comunicacións orais, deberán estar presentadas polo/a candidato/a.

- Cursos debidamente acreditados, relacionados co obxecto da convocatoria, rematados antes do peche da convocatoria e en modalidade online ou presencial, cunha duración igual ou superior a 5 horas (investigación en áreas de saúde, biomedicina, metodoloxía, análise de datos...): ata un máximo de 1 punto. Os cursos de idiomas están excluídos.

b) CV DO/A DIRECTOR/A DA TESE (ata un máximo de 30 puntos). Neste apartado, os datos farán referencia ó período 2021-2025, ambos incluídos. O período do cómputo de méritos poderá estenderse polo tempo acreditado nos supostos de interrupcións da actividade investigadora debido as seguintes causas: embarazo de risco, permiso de maternidade ou paternidade, acollimento de fillos, coidado de fillos menores ou dependentes, acontecido durante o período 2021-2025.

- Publicacións: Selección de 10 publicacións (orixinais, editoriais ou revisións) como primeiro/a, último/a autor/a ou autor/a de correspondencia, entre os anos 2021 e 2025. As publicacións deberán estar indexadas no JCR 2024, e o IDIS deberá aparecer na filiación das mesmas: ata un máximo de 18 puntos

- Proxectos de investigación en convocatorias de concorrencia competitiva, entre os anos 2021 e 2025, nos que figure como investigador/a principal: ata un máximo de 5,5 puntos.

- Teses dirixidas e defendidas entre o ano 2021 e antes do peche da convocatoria: ata un máximo de 5,5 puntos.

- Participación de membros do Grupo de Investigación no que se vai incorporar o/a candidato/a nos ciclos de seminarios "Mércores IDIS" como relatores e/ou noutras actividades de divulgación organizadas polo IDIS: ata un máximo de 1 punto.

4.8.4.2. **APARTADO 2 (ATA UN MÁXIMO DE 40 PUNTOS).** Valoraranse os méritos presentados conforme ó seguinte baremo:

a) O PROXECTO DE TESE, redactado en castelán ou inglés, que incluírá os seguintes apartados: Análise da situación actual, Hipótese, Obxectivos e Plan de traballo, segundo a súa descrición no anexo 2 desta convocatoria, que

ademais deberán incorporar perspectiva de xénero, (xustificar en caso de non ser necesario): ata un máximo de 20 puntos.

b) O VALOR ESTRATÉGICO DA PROPOSTA para o IDIS: ata un máximo de 20 puntos. Neste apartado consideraranse os aspectos da proposta que, a xuízo do Comité de Avaliación, posúan alto potencial de xerar impactos positivos nas liñas estratéxicas do IDIS. Por exemplo,

- i. que o/a director/a de tese xestione a súa actividade investigadora a través da Fundación IDIS;
- ii. que incorpore persoal de Atención Primaria e/ou de enfermaría no desenvolvemento do proxecto de tese;
- iii. alto impacto científico-técnico esperable,
- iv. a capacidade de translación dos resultados á asistencia clínica,

4.8.5. Para que unha candidatura poida ser adxudicataria dunha das axudas solicitadas deberá ter unha valoración superior ao 50 % da puntuación máxima posible no apartado 2 (-).

4.8.6. O Comité de Avaliación, á luz das avaliaci3ns do apartado 1 e do apartado 2, elaborará unha lista provisional de candidatos/as seleccionados/as e, polo menos, dous (2) candidatos/as en reserva para cada unha das modalidades, ordenados de maior a menor puntuaci3n, de acordo co establecido na presente base. A puntuaci3n obtida será a que se obteña de sumar as valoracións correspondentes dos apartados 1 e 2, agás os/as candidatos/as que non obtiveran a puntuaci3n mínima establecida nos termos sinalados no punto 4.8.

4.8.7. Se existise empate, priorizarase a candidatura que obtivese maior puntuaci3n no Apartado 1, CV do/a candidato/a (4.8.4.2.a): Expediente académico. Se o empate persiste, continuarase cos seguintes elementos do mesmo CV seguindo a orde que se indica nese apartado. Se o empate se mantén, considerarase o CV do/a Director/a de Tese na mesma orde de elementos que aparece no apartado (4.8.4.2.b).

4.9. A puntuaci3n obtida polos/as candidatos/as en cada apartado, e desagregada segundo a tipoloxía de méritos indicados no baremo, farase pública na páxina web do IDIS.

5. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DAS AXUDAS POSDOUTORAIS

5.1 Estar en posesi3n do título de doutor/a. A data de obtenci3n do título de doutor/a debe ser posterior ao 1 de xaneiro de 2022. Esta data límite poderá ser anterior cando se acredite algunha destas situaci3ns entre a data de obtenci3n do título de doutor/a e a data de finalizaci3n do prazo de entrega das solicitudes: baixa maternal ou paternal, ter ao seu cargo menores de 3 anos, ter baixo a súa dependencia directa e legal e vivindo ás súas expensas cónxuxe, fillos ou ascendentes de 1º grao de consanguinidade ou afinidade, ou suxeitos a un réxime de tutela ou acollemento acordado por sentenza xudicial firme, persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, recoñecidos como tales e cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Considerarase a ampliación da data de obtenci3n do título de doutor/a polo tempo acreditado.

5.2 Non poderán concorrer á presente actuaci3n os/as candidatos/as que desfrutaran dun contrato posdoutoral *Juan de la Cierva*, *Sara Borrell* ou equivalente.

5.3 Solicitudes:

- 5.3.1. Os/As candidatos/as que desexen participar neste proceso selectivo deberán cubrir os modelos que figuran como anexos correspondentes á modalidade posdoutoral.
- 5.3.2. As candidaturas serán presentadas polo Grupo de Investigación do IDIS no que se vaia integrar o/a candidato/a, cos seguintes requirimentos:
- a) A proposta deberá ser realizada polo/a supervisor/a do proxecto de investigación, membro dun Grupo de Investigación do IDIS.
 - b) Non se poderá presentar máis dunha candidatura por Grupo de Investigación nesta convocatoria.
 - c) O IDIS deberá figurar na filiación das publicacións (considerando exclusivamente orixinais, revisións ou editoriais) do Grupo de Investigación do ano 2024 nunha porcentaxe maior ou igual ao 70%. Aos grupos de investigación que non cumpran este requisito non poderán presentar candidaturas nesta convocatoria.
 - d) Non poderán presentar candidaturas aqueles/as supervisores/as, membros dun Grupo do IDIS, que presentaran unha candidatura que fora beneficiaria da Convocatoria de Axudas Predoutorais e Posdoutorais do IDIS no ano 2023 ou 2024. Só aqueles directores/as ou supervisores/as beneficiarios/as das axudas 2023 ou 2024 que renunciaran a dita axuda antes de comezar o contrato poderían presentar candidatura nesta convocatoria.
 - e) Só se valorará un/ha supervisor/a por candidatura.
- 5.3.3. As solicitudes dos/as candidatos/as deberán estar formalizadas nos modelos que a continuación se describen:
- a) Anexo2. Formulario de Solicitud.
 - b) Anexo3. Curriculum Vitae Candidato/a Postdoutoral.
 - c) Anexo4. Curriculum Vitae Supervisor/a.
- 5.3.4. A presentación das solicitudes posdoutorais realizarase en formato electrónico, acompañada da seguinte documentación:
- a) Copia do documento acreditativo de identidade do/a candidato/a.
 - b) Copia do título de doutor/a ou documento acreditativo. No caso de titulacións non emitidas polo Sistema Educativo Español, o/a candidato/a debe acreditar documentalmente mediante a aportación de Títulos Académicos ou Certificados de estudos que está capacitado para desenvolver o seu posto de traballo ofertado en territorio español. Se o/a candidato/a fose dun país membro da UE, a acreditación da súa capacitación farase mediante aportación documental. Se o/a candidato/a fose dun país non membro da UE, dependerá do que dispoña a normativa española sobre estranxeiría en canto á legalización e apostila da documentación aportada.

- c) No caso de grupos consolidados: compromiso de cofinanciación do grupo receptor, indicando a actividade económica á que se vinculará.
- d) Declaración responsable de non ter desfrutado dun contrato *Juan de la Cierva*, *Sara Borrell* ou equivalente.
- e) Se fose o caso, acreditación dos supostos contemplados no apartado 5.1.

5.3.5. A documentación presentárase a través dun formulario electrónico habilitado ao efecto na páxina web do IDIS. As consultas relacionadas coa presente convocatoria poden dirixirse por correo electrónico ao enderezo: axudas@idisantiago.es.

5.3.6. Os méritos indicados na solicitude que non sexan xustificadas documentalmente en formato electrónico no momento da solicitude ou na fase de subsanación, non serán tomados en consideración.

5.3.7. Desenvolvemento do proceso selectivo. O proceso de avaliación realizarase en tres fases:

5.3.7.1. Primeira fase, valoración por parte da Coordinación Científico-Técnica do IDIS do apartado 5.3.8.1. da presente convocatoria.

5.3.7.2. Segunda fase, valoración por parte de avaliadores externos dos proxectos de investigación. Serán avaliadas exclusivamente aquelas candidaturas que reciban 35 puntos ou máis na primeira fase (5.3.8.1.).

5.3.7.3. Terceira fase, valoración por parte do Comité de Avaliación do apartado 2 (5.3.8.2) da proposta. O Comité de Avaliación referendará as avaliacións das dúas fases anteriores e propoñerá unha listaxe provisional de beneficiarios e reservas.

5.3.8. As solicitudes admitidas serán valoradas en base aos dous apartados seguintes:

5.3.8.1. **APARTADO 1 (ATA UN MÁXIMO DE 60 PUNTOS).** Valoraranse os méritos, presentados conforme ó seguinte baremo (Anexo 1):

- a) CV DO CANDIDATO/A (máximo de 35 puntos)
 - Publicacións: orixinais, editoriais ou revisións. As publicacións deberán estar indexadas no JCR 2024: ata un máximo de 21 puntos.
 - Tese de Doutoramento con Mención Internacional ou Premio Extraordinario: 3 puntos.
 - Obtención de axudas para a realización da Tese de Doutoramento en convocatorias competitivas: 2 puntos
 - Estadías en centros de recoñecido prestixio: ata un máximo de 5 puntos. Valoraranse estadías continuadas superiores a 2 meses.

- Contribucións a congresos nacionais e internacionais: ata un máximo de 2 puntos. No caso de póster, terá que figurar como primeiro/a autor/a do mesmo e terá que ter asistido ao congreso. No caso de comunicacións orais, deberán estar presentadas polo/a candidato/a.
 - Coñecemento lingua estranxeira acreditado, de acordo co Marco común europeo de referencia para as linguas (non considerándose lingua estranxeira a do país de orixe ou de nacionalidade): ata un máximo de 1 punto.
 - Cursos debidamente acreditados, relacionados co obxecto da convocatoria, rematados antes do peche da convocatoria e en modalidade online o presencial, cunha duración igual ou superior a 5 horas (investigación en áreas de saúde, biomedicina, metodoloxía, análise de datos, etc.): ata un máximo de 1 punto.
- b) CV DO/A SUPERVISOR/A (ata un máximo de 25 puntos). Neste apartado, os datos farán referencia ó período 2021-2025, ambos incluídos. O período do cómputo de méritos poderá estenderse polo tempo acreditado nos supostos de interrupcións da actividade investigadora debido as seguintes causas: embarazo de risco, permiso de maternidade ou paternidade, acollemento de fillos, coidado de fillos menores ou dependentes, acontecido durante o período 2020-2024.
- Publicacións: Selección de 10 publicacións (orixinais, editoriais ou revisións) como primeiro/a, último/a autor/a ou autor/a de correspondencia, entre os anos 2021 e 2025. As publicacións deberán estar indexadas no JCR 2024, e o IDIS deberá aparecer na filiación das mesmas: ata un máximo de 15 puntos.
 - Proxectos de investigación en convocatorias de concorrencia competitiva, entre os anos 2021 e 2025, nos que figure como investigador/a principal: ata un máximo de 5 puntos.
 - Teses dirixidas e defendidas entre o ano 2021 e antes do peche da convocatoria: ata un máximo de 4 puntos.
 - Participación de membros do Grupo de Investigación no que se vai incorporar o/a candidato/a nos ciclos de seminarios "Mércores IDIS" como relatores e/ou outras actividades de divulgación organizadas polo IDIS: ata un máximo de 1 punto.

5.3.8.2. APARTADO 2 (ATA UN MÁXIMO DE 40 PUNTOS). Valoraranse os méritos presentados conforme ó seguinte baremo:

- a) O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN, redactado en castelán ou inglés, que incluírá os seguintes apartados: Análise da situación actual, Hipótese, Obxectivos e Plan de traballo, segundo a súa descrición no anexo 2 desta convocatoria, que ademais deberán incorporar perspectiva de xénero, (xustificar en caso de non ser necesario): ata un máximo de 20 puntos.

b) O VALOR ESTRATÉGICO DA PROPOSTA para o IDIS: ata un máximo de 20 puntos. Neste apartado consideraranse os aspectos da proposta que, a xuízo do Comité de Avaliación, posúan alto potencial de xerar impactos positivos nas liñas estratéxicas do IDIS. Por exemplo,

- i. que o/a investigador/a responsable (supervisor/a) xestione a súa actividade investigadora a través da FIDIS;
- ii. que incorpore persoal de Atención Primaria e/ou de enfermaría no desenvolvemento do proxecto de tese;
- iii. alto impacto científico-técnico esperable,
- iv. a capacidade de translación dos resultados á asistencia clínica.

5.3.9. Para que unha candidatura poida ser adxudicataria dunha das axudas solicitadas deberá ter unha valoración superior ao 50 % da puntuación máxima posible no apartado 2 (5.3.8.2)

5.3.10. O Comité de Avaliación, á luz das avaliacións do apartado 1 e do apartado 2, elaborará unha lista provisional de candidatos/as seleccionados/as e, polo menos, dous (2) candidatos/as en reserva, ordenados de maior a menor puntuación, de acordo co establecido na presente base. A puntuación obtida será a que se obteña de sumar as valoracións correspondentes dos apartados 1 e 2, agás os/as candidatos/as que non obtiveran a puntuación mínima establecida nos termos sinalados no punto 5.2.7.2.

5.3.11. Se existise empate, priorizarase a candidatura que obtivese maior puntuación no Apartado 1, CV do/a candidato/a (5.3.8.1.a): Publicacións. Se o empate persiste, continuarase cos seguintes elementos do mesmo CV seguindo a orde que se indica nese apartado. Se o empate se mantén, considerarase o CV do/a Supervisor/a na mesma orde de elementos que aparece no apartado (5.3.8.1.b).

5.3.12. A puntuación obtida polos/as candidatos/as en cada apartado, e desagregada segundo a tipoloxía de méritos indicados no baremo, farase pública na páxina web do IDIS.

6. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DA AXUDA DIRIXIDA A PERSOAL TÉCNICO

6.1. Estar en posesión dunha das seguintes titulacións:

6.1.1. Titulación universitaria afín ás técnicas que se realicen na plataforma na que se vai incorporar o/a candidato/a ou a novos equipos ou técnicas que se vaian incorporar.

6.1.2. Título de Técnico Superior no marco da formación profesional do sistema educativo afín ás técnicas que se realicen na plataforma na que se vai incorporar o/a candidato/a ou a novos equipos ou técnicas que se vaian incorporar.

6.3. Solicitudes:

6.3.1. Os/As candidatos/as que desexen participar neste proceso selectivo deberán cubrir os modelos que figuran como anexos correspondentes á modalidade de técnico de plataforma.

6.3.2. As candidaturas serán presentadas por algún/algúnha dos/as responsables da Plataforma do IDIS no que se vaia integrar o/a candidato/a, cos seguintes requirimentos:

- a) Non se poderá presentar máis dunha candidatura por plataforma.
- b) Non poderán presentar candidaturas as plataformas que foran beneficiarias dun contrato na convocatoria de 2024.

6.3.3. As solicitudes das persoas candidatas deberán estar formalizadas nos modelos que a continuación se describen:

- a) Anexo2. Formulario de Solicitud.
- b) Anexo3. Curriculum Vitae Candidato/a.
- c) Anexo4. Curriculum Vitae Plataforma.

6.3.4. A presentación das solicitudes realizarase en formato electrónico, acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia do documento acreditativo de identidade do/a candidato/a.
- b) Copia da titulación académica. Se fose o caso, copia das titulacións adicionais que o/a candidato/a desexe que se valoren segundo o Baremo (Anexo 1). No caso de titulacións non emitidas polo Sistema Educativo Español, o/a candidato/a debe acreditar documentalmente mediante a aportación de Títulos Académicos ou Certificados de estudos que está capacitado para desenvolver o seu posto de traballo en territorio español. Se a persoa candidata fose dun país membro da UE, a acreditación da súa capacitación farase mediante aportación documental. Se a persoa candidata fose dun país non membro da UE, dependerá do que dispoña a normativa española sobre estranxeiría en canto á legalización e apostila da documentación aportada.
- c) Xustificación dos méritos alegados.

6.3.5. A documentación presentarse a través de un formulario electrónico habilitado ao efecto na páxina web do IDIS. As consultas relacionadas coa presente convocatoria poden dirixirse por correo electrónico ao enderezo: axudas@idisantiago.es.

6.3.6. Os méritos indicados na solicitude que non sexan xustificados documentalmente en formato electrónico no momento da solicitude ou na fase de emendas, non serán tomados en consideración.

6.4. Desenvolvemento do proceso selectivo. O proceso de avaliación realizarase en tres fases:

6.4.1. Primeira fase, valoración por parte da Coordinación Científico-Técnica do IDIS do apartado 6.4.1. da presente convocatoria.

6.4.2. Segunda fase, valoración por parte do Comité de Avaliación do apartado 6.5.2 da presente convocatoria. O Comité de Avaliación referendará as avaliacións da fase anterior e propoñerá unha listaxe provisional de beneficiarios e reservas.

6.5. As solicitudes admitidas serán valoradas con base aos dous apartados seguintes:

6.5.1. APARTADO 1 (ATA UN MÁXIMO DE 40 PUNTOS). Valoraranse os méritos, presentados conforme ó seguinte baremo (Anexo 1):

a) CV DO CANDIDATO/A, ata un máximo de 20 puntos distribuídos da seguinte maneira:

- Experiencia: ata un máximo de 9 puntos
- Formación adicional: ata un máximo de 5 puntos
- Produción científica: ata un máximo de 3 puntos
- Participación en proxectos: ata un máximo de 2 puntos
- Coñecemento de lingua estranxeira acreditado, de acordo co Marco común europeo de referencia para as linguas (non considerándose lingua estranxeira a do país de orixe ou de nacionalidade): ata un máximo de 1 punto.

b) CV DA PLATAFORMA, ata un máximo de 20 puntos distribuídos da seguinte maneira:

- Servizos ofrecidos nos últimos 5 anos: ata un máximo de 8 puntos.
- Formación impartida: ata un máximo de 4 puntos.
- Captación de recursos: ata un máximo de 3 puntos.
- Produción científica: ata un máximo de 3 puntos.
- Participación en actividades de divulgación científica: ata un máximo de 2 puntos.

6.5.2. APARTADO 2 (ATA UN MÁXIMO DE 60 PUNTOS). Valoraranse os méritos presentados conforme ó seguinte baremo (Anexo 1):

a) A MEMORIA CIENTÍFICO-TÉCNICA, redactada en castelán ou inglés, que incluíra os seguintes apartados: Adecuación do perfil da candidato/a á actividade da plataforma, proposta de actividades a desenvolver, obxectivos que pretende acadar: ata un máximo de 30 puntos.

b) O VALOR ESTRATÉGICO DA PROPOSTA para o IDIS: ata un máximo de 30 puntos. Neste apartado consideraranse os aspectos da proposta que, a xuízo do Comité de Avaliación, posúan alto potencial de xerar impactos positivos nas liñas estratéxicas do IDIS. Por exemplo:

- i. variedade de grupos aos que prestará servizos.
- ii. aspectos novidosos da proposta.
- iii. potencialidade para establecer novas colaboracións externas.
- iv. plan de promoción da plataforma.

6.6. Para que unha candidatura poida ser adxudicataria dunha das axudas solicitadas deberá ter unha valoración superior ao 50 % da puntuación máxima posible no apartado 2 (6.5.2).

6.7. O Comité de Avaliación, á luz das avaliacións do apartado 1 e do apartado 2, seleccionará un/unha candidato/a beneficiario/a provisional e polo menos, dous (2) candidatos/as en reserva, ordenados de maior a menor puntuación, de acordo co establecido na presente base. A puntuación obtida será a que se obteña de sumar as valoracións correspondentes dos apartados 1 e 2.

6.7.1. Se existise empate, priorizarase a candidatura que obtivese maior puntuación no Apartado 1, CV do/a candidato/a: Experiencia en funcións similares. Se o empate persiste, continuarase cos seguintes elementos do mesmo CV seguindo a orde que se indica nese apartado. Se o empate se mantén, considerarase o CV da Plataforma na mesma orde de elementos que aparece no apartado (5.3.8.1.b).

6.8. A puntuación obtida polos candidatos en cada apartado, e desagregada segundo a tipoloxía de méritos indicados no baremo, farase pública na páxina web do IDIS.

7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

7.1. O prazo de solicitudes iniciárase o 23 de outubro e rematará o 13 de novembro de 2025 ás 14h (hora peninsular). A solicitude e a documentación requirida nos apartados anteriores deberá presentarse a través dun formulario habilitado na páxina web do IDIS (www.idisantiago.es).

7.2. A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

8. ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

8.1. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Científica do IDIS aprobará a listaxe de aspirantes admitidos e excluídos. Na devandita listaxe, que deberá publicarse na páxina web do IDIS, sinalarase un prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, para corrixir o defecto que motivou a exclusión.

8.2. Finalizado o devandito prazo, no caso de que se produzan modificacións, estas expóñanse nos mesmos lugares en que se expuxeron as relacións iniciais.

9. ÓRGANOS DE SELECCIÓN

9.1. Os órganos de selección da presente convocatoria de axudas son os que a continuación se sinalan:

- a) A "Coordinación Científico-Técnica", que estará formada por persoal técnico de xestión da investigación do IDIS.
- b) O "Comité de Avaliación", estará formado por seis membros, a saber:
 - A Directora Científica do IDIS, que presidirá o Comité (substituído, no caso de que exista conflito de interese, por un/unha Líder ou Co-líder de Área en quen delegue; no caso de que todas/os as/os líderes e co-líderes de área teñan conflito de interese, delegará nun/ha líder de grupo).

- O/A responsable do órgano de dirección do CIMUS no Comité Científico Interno do IDIS (substituído, no caso de que exista conflito de interese, por un IP nomeado pola Dirección Científica do IDIS).
- A Directora da Fundación Pública Galega Instituto de Investigación de Santiago (FIDIS).
- Un/ha representante do Comité de Empresa da FIDIS.
- Dúas persoas do Comité Científico Interno do IDIS con título de doutor, que non poderán ter conflito de interese. Ningún membro deste comité ou substituto poderá pertencer a un grupo de investigación que presente candidatura.

9.2. Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, poderán dirixirse á Coordinación Científico-Técnica do IDIS (axudas@idisantiago.es).

10. SUPERACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

10.1. Finalizado o proceso selectivo, a Presidencia do Comité de Avaliación elevará á Dirección da Fundación Pública Galega Instituto de investigación de Santiago de Compostela (FIDIS) a proposta de relación de adxudicatarios que obteñan a cualificación esixida para superar o proceso selectivo, por orde de puntuación, de maior a menor, e una lista de candidatos/as de reserva. A devandita resolución provisional farase pública na páxina web do IDIS, coa puntuación que os beneficiarios obtiveron no proceso, e notificarase ás persoas incluídas na devandita resolución como adxudicatarias provisionais.

10.2. Contra a resolución provisional haberá un prazo de reclamación de 5 días hábiles (contado a partir do día seguinte á súa publicación) para presentar alegacións.

10.3. As persoas adxudicatarias propostas na relación disporán dun prazo de cinco días hábiles a partires da notificación da adxudicación para a presentación da seguinte documentación:

- a) Orixinal ou copia debidamente compulsada dos documentos acreditativos de cumprir os requisitos a que se refire o punto 3.
- b) Declaración xurada de non estar afectado por incompatibilidades coa actividade que vai a desempeñar.
- c) Os/as aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea, Noruega, Islandia, Liechtenstein e Suíza e que non residan en España deberán presentar fotocopia compulsada do xustificante de ter solicitado a tarxeta de residencia comunitaria, no caso de que non a tivesen que presentar no momento de presentar a solicitude de participación.

10.4. Recibida a documentación que se relaciona na base 10.3, a FIDIS procederá a formalizar o correspondente contrato laboral.

10.5. No caso de que as candidaturas propostas non presenten a documentación correspondente, a axuda adxudicarase aos/ás seguintes candidatos/as, polo seu orde, da lista de reserva á que se refire a base 10.1.

10.6. Se unha vez formalizado o contrato, o/a traballador/a causa baixa, poderase substituír polo/a seguinte candidato/a da lista á que se refire a base 10.1, sempre que a Dirección da FIDIS e a Dirección Científica do IDIS o considere conveniente.

11. INCORPORACIÓN, DURACIÓN, PERIODO DE PROBA E IMPORTE DO CONTRATO

11.1. A incorporación ao traballo efectuarase na data que se determine no momento da formalización do contrato, que nunca será antes do 1 de xaneiro de 2026.

11.2. A data de incorporación será comunicada pola FIDIS aos adxudicatarios. A non aceptación no prazo dun mes a contar dende a data comunicada será contemplada como causa de incumprimento nos termos establecidos no artigo 10.3 desta convocatoria. A duración máxima dos contratos predoutoral, posdoutoral ou técnico será de trinta e seis (36) meses, e en ningún caso se estenderán temporalmente máis alá do 31 de decembro de 2029, calquera que sexa a súa data de inicio.

11.3. Os/as beneficiarios/as serán adscritos laboralmente á FIDIS baixo un "Contrato Predoutoral", "Contrato R2-A¹ (posdoutoral)" ou "Contrato científico-técnico", única e exclusivamente polo tempo de duración sinalado; en consecuencia, entenderase por tempo limitado á duración dos traballos para cuxa execución se realiza o contrato, e conforme á normativa laboral vixente.

11.4. Tras a incorporación deberá superarse o período de proba regulado no Convenio Colectivo da FIDIS (Código de Convenio número 15101012012021).

11.5. A retribución total anual para cada contrato por categoría profesional será a que indique o Convenio Colectivo da FIDIS (Código de Convenio número 15101012012021) ou, no caso dos contratos predoutorais, aplicarase o artigo 7 do Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación, cando o indicado no Convenio Colectivo determine unha remuneración inferior.

12. SEGUIMIENTO DO CONTRATO: MEMORIAS ANUAIS E FINAL

12.1. O seguimento anual das axudas realizarase mediante a presentación de memorias anuais consonte ás seguintes normas:

12.1.1. Os/as beneficiarios/as da axuda presentarán anualmente, un mes antes da data de finalización de cada ano de percepción da axuda, unha "memoria de seguimento" que contemple os seguintes aspectos:

a) Extensión máxima: 1.000 palabras.

b) Contido: Descrición das actividades desenvolvidas no seu programa de formación, resultados acadados durante ese período, grao de cumprimento do plan de traballo e plan de traballo previsto para o ano seguinte.

c) Formalización: A memoria deberá estar asinada polos/as beneficiarios/as das axudas e co Visto e Prace do seu director/a de Tese, supervisor/a ou responsable da Plataforma.

12.1.2. A "memoria" presentarase en formato electrónico que se enviará á dirección de correo: axudas@idisantiago.es.

¹ Subgrupo profesional definido no Convenio Colectivo da FIDIS (Código de Convenio número 15101012012021).

12.2. Un mes antes do remate de cada ano de percepción da axuda, o/a director/a da Tese emitirá un informe no que se farán constar expresamente os progresos realizados na formación investigadora do/a beneficiario/a durante ese ano, dando expresamente unha valoración da actividade desenvolvida. Este informe presentarse en formato electrónico e enviarase á dirección de correo: axudas@idisantiago.es.

12.3. As memorias de seguimento e os informes serán examinados polo Comité de Avaliación, que poderá solicitar a información adicional que considere necesaria. O Comité de Avaliación, á vista de toda a información dispoñible, elaborará a correspondente proposta favorable ou desfavorable de prórroga da axuda.

12.4. No prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao remate da axuda, os/as beneficiarios/as presentarán unha "memoria final" consonte ás seguintes normas:

- a) Extensión máxima: 2.000 palabras.
- b) Contido: Descrición da totalidade do traballo realizado e os seus resultados, facendo especial referencia aos resultados da tese de doutoramento ou aos obxectivos acadados co programa de formación.
- c) Formalización: A memoria deberá estar asinada polos/as beneficiarios/as das axudas e co visto e prace do seu director/a de Tese, supervisor/a ou responsable da Plataforma.
- d) Esta memoria virá necesariamente acompañada dun Informe do/a director/a de Tese, supervisor/a ou responsable da Plataforma, segundo corresponda.

13. RENOVACIÓN, RENUNCIAS E REVOGACIÓN: CONDICIÓN

13.1. A duración máxima dos contratos, que será de trinta e seis (36) meses, estará en todo caso condicionada ao resultado da avaliación das memorias anuais de seguimento.

13.2. A renovación e mantemento dos contratos estará a expensas de que non existan informes desfavorables sobre o/a beneficiario/a por parte do seu director/a de Tese, supervisor/a, responsable da plataforma ou do Comité de Avaliación.

13.3. Consideraranse "baixas" as non incorporacións, así como aquelas solicitadas a instancias dos/as beneficiarios/as. Cando unha persoa beneficiaria non se incorpore no prazo establecido, sen que medie resolución de aprazamento, ou cando non aporte a documentación necesaria para acceder á axuda, perderase o dereito a esta.

13.4. As renuncias deberán ser notificadas polo beneficiario/a ao director/a de Tese, supervisor/a ou responsable da plataforma á Dirección Científica do IDIS, cunha antelación mínima de quince (15) días, debendo acompañarse dun informe correspondente ás actividades realizadas ata a data da renuncia, co visto e prace do/a director/a de Tese, supervisor/a ou responsable da plataforma.

13.5. Durante o período de contrato, a suspensión do mesmo, en virtude das causas previstas nos artigos 45 e 46 do Estatuto dos Traballadores, non suporá a ampliación da duración do contrato, excepto nas situacións de risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación, paternidade e incapacidade temporal superior a un (1) mes, que interromperán o cómputo do contrato, de acordo coa normativa laboral vixente e cando así o solicite a persoa beneficiaria.

13.6. Os contratos poderán ser revogados mediante resolución do Comité de Avaliación, previo informe desfavorable dos/as directores/as de tese, supervisores/as ou responsable da plataforma.

14. DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

14.1. O contrato financiado con cargo a esta convocatoria é incompatible coa vixencia de calquera outro contrato laboral por parte do/a investigador/a contratado/a.

14.2. O/A traballador/a levará a cabo as funcións obxecto do contrato que lle sexan encomendadas seguindo as directrices do responsable do grupo de investigación ou da plataforma do IDIS baixo cuxa dependencia desenvolva o traballo, debendo seguir á orientación do desenvolvemento do proxecto e á forma de realizar a prestación de servizos.

14.3. O/A traballador/a poderá tamén asistir a conferencias, congresos, estancias, cursos e demais actos, docentes ou non docentes, que estean vinculados coa actividade ou proxecto de investigación para o cal presta servizos, quedando estas tarefas incorporadas á obra determinada, obxecto dos contratos. Queda excluída expresamente a realización por parte do/a traballador/a doutra prestación de servizos que non estea vinculada directamente co obxecto destes contratos. No suposto de que a realice, será por iniciativa propia do traballador/a e co visto e praxe do/a responsable, e por considerar que estas son útiles e necesarias para a súa prestación de servizos no proxecto de investigación, sen que como consecuencia delas poida quedar modificada a natureza da relación contractual existente entre as partes.

14.4. As persoas contratadas poderán prestar colaboracións complementarias en tarefas docentes nas institucións vinculadas ao instituto, polo máximo de horas que estipula a lexislación aplicable, no marco dos convenios vixentes asinados coa FIDIS, a petición propia a coa aprobación da súa institución.

14.5. A xornada de traballo será a establecida pola FIDIS dentro das limitacións establecidas legalmente e recollidas no Convenio Colectivo da FIDIS (Código de Convenio número 15101012012021).

14.6. O/A traballador/a prestará os seus servizos habitualmente nas instalacións do IDIS no CHUS, e/ou na USC. Non obstante, se o desenvolvemento do proxecto precisase que o/a traballador/a leve a cabo a súa actividade noutro lugar distinto, estará obrigado a trasladarse para realizar traballos necesarios e imprescindibles para o proxecto de investigación de que se trate, sen que con isto se desvirtúe a natureza deste contrato.

14.7. As persoas beneficiarias de axudas predoutorais do IDIS participarán como relatores no ciclo de Seminarios "Mércores IDIS" a partir do segundo ano de contrato.

14.8. As persoas beneficiarias das axudas posdoutorais do IDIS colaborarán na organización do ciclo de seminarios "Mércores IDIS".

15. DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL

15.1. Os dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial xerados polo traballador/a en virtude do seu contrato laboral coa FIDIS pertencerán á FIDIS, en aplicación da normativa vixente, sen prexuízo dos dereitos inherentes que ao/á traballador/a lle correspondan como inventor/a. Así mesmo, será de aplicación o Procedemento de Protección e Transferencia de

Resultados. Creación de Empresas, do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), dispoñible en <http://www.idisantiago.es>, para a súa consulta.

16. INCUMPRIMENTOS

16.1. O/A adxudicatario/a debe manter as condicións esixidas na presente convocatoria dende a concesión do contrato á que fai referencia a presente convocatoria ata a súa finalización.

16.2. O incumprimento total ou parcial dos requisitos e obrigas establecidas neste programa dará lugar á apertura dun expediente de incumprimento, cuxa resolución poderá supor a revogación do contrato parcial ou totalmente.

Santiago de Compostela a 23 de outubro de 2025.



idis
INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ASDO.- María Luz Couce Pico
Directora Científica
Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS)